




# Concello da Coruña

Área / Unidad CONCESIONES Y PATRIMONIO MUNICIPAL ASAS	Documento AD11910021	
Código de verificación  5H5V 1Z3C 3X0N 2I5C 0U95	Expediente AD1/2025/4	
	Fecha 20-01-2025	

Área / Unidad CONCESIONES Y PATRIMONIO MUNICIPAL ASAS	Documento AD11910014	
Código de verificación  3A26 6Z21 010U 734E 148B	Expediente AD1/2025/4	
	Fecha 14-01-2025	

## PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS REGULADOR DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓNS DE EXPLOTACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO NO MERCADO DE SAN AGUSTÍN PARA A SÚA DINAMIZACIÓN A TRAVÉS DA ORGANIZACIÓN DE MERCADILLOS, FEIRAS E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA

### I. DISPOSICIÓNS XERAIS.

#### 1.- Obxecto do contrato

O obxecto do presente prego de condicións administrativas é regular a convocatoria pública para o outorgamento de autorizacións de explotación de espazos determinados de dominio público, sitios na planta superior do Mercado Municipal de San Agustín para a súa dinamización, a través da organización de eventos (mercadillos, feiras e actividades complementarias de lecer e de promoción dos distintos produtos obxecto de venda) e captación de participantes, debendo abarcar, mínimo, 12 postos por evento.

O obxectivo deste tipo de eventos, de carácter innovador, é, a dinamización do mercado e do tecido empresarial e emprendedor da contorna do mercado e da cidade, favorecendo as actividades comerciais e poñendo en valor ao pequeno comercio, e ao comercio de cercanía, promocionándoos distintos produtos obxecto de venda nos postos do referido mercado, coa finalidade de potenciar o seu coñecemento entre os cidadáns.

#### 1.1.- Lotes



# Concello da Coruña

O obxecto do contrato atópase dividido en lotes.

Establécense 12 lotes, lotes do 1 ao 12 para a organización de mercadillos, feiras e actividades complementarias, coincidentes con 12 fins de semana, preferentemente un ao mes.

Establécense os seguintes lotes:

Lote 1: Xaneiro

Lote 2: Febreiro

Lote 3: Marzo

Lote 4: Abril

Lote 5: Mayo

Lote 6: Xuño

Lote 7: Xullo.

Lote 8: Agosto

Lote 9: Setembro

Lote 10: Outubro

Lote 11: Novembro

Lote 12: Decembro

Coa finalidade de buscar a máxima participación e asistencia de público e de conformidade entre Concello e entidade adxudicataria, algún mercadillo poderá celebrarse no mes seguinte ou anterior.

As persoas e/o entidades, poderán presentar as súas ofertas, para un máximo de seis lotes. De presentar oferta para máis de seis lotes, quedarán automaticamente excluídas de todos os lotes.

Coa finalidade de promover ao máximo, a concorrência e a participación, un mesmo participante, non poderá resultar adxudicatario de máis dun lote. Unicamente poderán resultar adxudicatarios de máis dun lote no suposto en que este fose quedar vacante.

No caso de que algún participante resultase clasificado en primeiro lugar en varios lotes, resultará adxudicatario do lote, en base ao criterio do maior prezo ofrecido. Aplicándose para o resto dos lotes a regra anterior.



# Concello da Coruña

No caso de que algún dos lotes quedara deserto, establécese unha excepción á limitación de non ser adxudicatario, cada participante, de máis dun lote: aqueles participantes que presentasen oferta a ese lote/lotes sen adxudicar, poderán resultar adxudicatarios, pola orde de clasificación das súas ofertas presentadas a este segundo lote/lotes, aínda que xa fosen adxudicatarios doutro lote.

No caso de lotes para os que non se presentou ningunha oferta, abrírase un prazo común de cinco días naturais, para que todos os participantes no procedemento, sen limitación polo número de lotes xa adxudicados, poidan formular oferta, conforme ao anexo de oferta económica, establecida para os lotes desertos

## 2.- Réxime xurídico

A presente licitación réxese polo previsto neste prego de condicións e no de prescricións técnicas, e, para o non previsto neles, estarase ao disposto na normativa vixente contida, fundamentalmente, nas seguintes normas:

- As normas de aplicación plena e básica da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, en diante LPAP (Lei 33/2003 do 3 de novembro) e o seu Regulamento de desenvolvemento (RLPAP, Real Decreto 1373/2009, do 28 de agosto).
- As disposicións básicas en materia de bens locais establecidas na Lei Reguladora das Bases do Réxime local (Lei 7/1985, do 2 de abril, LBRL).
- Lei 6/2023, de 2 de novembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- As disposicións non básicas sobre patrimonio local, especialmente polo establecido en Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (en diante RBEL).
- Nas ordenanzas municipais aplicables.

Aplicaranse, no seu caso, os principios da contratación pública establecidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en diante LCSP, e a súa normativa de desenvolvemento (Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e o Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, en canto non fosen derogadas por esta LCSP).



# Concello da Coruña

Terase en conta tamén o disposto na normativa sanitaria e nas disposicións en materia de defensa de consumidores e usuarios.

Supletoriamente aplicaranse as demais normas de dereito administrativo e na súa falta as de dereito privado.

### 3.- Duración das autorizacións

O presente prego, regula as condicións da explotación do espazo, para o periodo comprendido nos anos 2025/2027 (ambos incluídos) pero a duración de cada autorización será por un ano, podendo ser obxecto de renovación, a súa finalización, hasta en dúas ocasións. Ao finalizar estes tres anos, poderá prorrogarse a autorización un ano máis. (Artigo 92.3 da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas, precepto de carácter básico).

### 4- Prezo de licitación:

O prezo de licitación para cada lote, fíxase en 650,00 euros/día.

Este prezo, fíxase en base ao importe da **taxa\*** fixada para un día de utilización do espazo de dominio público, no piso superior do Mercado.

Os interesados en obter a autorización deberán ofrecer, como mínimo, un prezo non inferior o prezo de licitación, polos días ofertados para realizar o evento.

Os adxudicatarias, deberán de abonar, con, polo menos un mes de antelación o inicio de cada anualidade, o importe polo que se lle adxudicaron o lote/s polos que licitou. Previamente, o Concello, remitirá documento de ingreso para a autoliquidación polo importe correspondente á anualidade. O interesado presentará no Concello copia do xustificante de ingreso.

### 5.- Publicidade da licitación:

Darase publicidade da presente licitación no Boletín oficial da provincia da Coruña, artigo 96.3 da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas: *"A iniciación de oficio realizarase mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, que se publicará no "Boletín Oficial do Estado", ou no da comunidade autónoma, ou provincia, segundo cal sexa a Administración actuante, sen prexuízo da posibilidade de usar outros medios adicionais de difusión". Os*



# Concello da Coruña

interesados dispoñerán dun prazo de trinta días hábiles para presentar as correspondentes peticións”

Os gastos do anuncio no BOP, se existisen, repartiranse entre os adxudicatarios de forma proporcional ao prezo polo que os diversos lotes queden adxudicados no ano 2025.

(\* ) Taxa pola utilización do piso superior do mercado establecido no artigo 6 da Ordenanza Fiscal nº 30 reguladora da taxa por prestación de servizos nos mercados municipais

## 6.- Órgano competente para resolver:

Para o outorgamento das autorizacións é competente o Concelleiro Responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica por delegación da Xunta de Goberno Local, segundo acordos adoptados na súa sesión de data 04/07/2024 (BOP núm. 129 de data 05/07/2024).

## 7.-Capacidade dos licitadores:

Poderán presentar ofertas toda persoa física ou xurídica con plena capacidade de obrar, e que non se atope incurso en ningunha das prohibicións para contratar establecidas no artigo 71 da Lei 9/2017 do 8 de Novembro de Contratos do Sector Público (LCSP) en relación co artigo 94 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP), e a solvencia económica, financeira e profesional esixida nos presentes pregos.

### A capacidade de obrar acreditarase:

- a) En canto a persoas físicas, mediante a fotocopia do documento nacional de identidade.
- b) En canto a persoas xurídicas, mediante a fotocopia do NIF e a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acta constitutiva, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente rexistrados, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

A proba, por parte dos licitadores, da non concorrencia dalgunha das prohibicións para contratar, realizarase mediante a presentación dos modelos de declaración responsable do licitador, recollidos nos anexos do presente prego, indicativas do cumprimento das condicións



# Concello da Coruña

establecidas legalmente para contratar coa Administración e a achega dos correspondentes certificados da TGSS e a AEAT.

A solvencia económica, financeira e profesional, acreditarase mediante o ALTA no Imposto sobre Actividades Económicas (IAE), e ULTIMO RECIBO DE PAGO correspondente ao Exercicio 2024 onde conste o epígrafe correspondente ao obxecto da presente licitación ou, en caso de estar exentos, e/ou estar dado de alta no censo de obrigados tributarios, presentarse CERTIFICADO emitido pola Axencia Tributaria de data do primeiro semestre do ano 2025 non sendo válidos anteriores á devandita data.

Deberase estar dado de ALTA no réxime da Seguridade Social que corresponda e ao corrente no pago das cotizacións da mesma, o que acreditarase cos correspondentes certificados.

Os prestadores procedentes de terceiros países deberán acreditar o cumprimento das obrigacións establecidas na lexislación vixente en materia de autorizacións de residencia e de traballo.

## 8.- Criterios de adjudicación para os lotes 1 a 12:

**A. Criterios técnicos:** Valoraranse as ofertas presentadas, **ata un máximo de 45 puntos**, en base aos seguintes subcriterios:

- 1) Plano de distribución das distintas actividades. **Ata 5 puntos.** Valorarase que a distribución dos postos ou as casetas respecten os elementos arquitectónicos singulares do edificio.
- 2) Tipo de mercadillo ou de accións propostas: **ata un máximo de 25 puntos.** De produtos ecolóxicos, gastronómicos, artesanais, incluídos os de moda sostible etc. Tendo en conta que se poden ofertar eventos de diferentes tipos, na oferta deberán detallarse os produtos obxecto de venda.

Valorarase:

- Que o produto ofertado sexa de orixe ou creación local.
- Que a produción e/o transporte do produto respecte o medio ambiente. Neste sentido, terase en conta a proximidade do produto, ou ben, e os medios utilizados para a montaxe do evento, así como que os materiais empregados, sexan ecolóxicos.



# Concello da Coruña

- A orixinalidade e calidade dos produtos ofertados, sempre que esta última, conste acreditada.

- 3) Acciões complementarias de dinamización dos eventos. **Ata 10 puntos.** Acciões complementarias para animar o evento (música en directo, representacións teatrais, exposicións, monólogos, clases maxistras, conferencias...)

Valorarase:

- A relación das actividades de dinamización co produto que se ofrezca no evento e que estas aumenten o coñecemento dos participantes sobre o produto.
- Que as actividades resulten atractivas para o público en xeral de modo que atraian potencial público ao mercado.

- 4) Vinculación cos postos concesionarios existentes na planta 1ª do Mercado Municipal de San Agustín. **Ata 5 puntos.**

Valorarase a relación directa entre o evento cos postos do mercado sitos na planta primeira: sorteos, vales desconto, promocións. Para iso, deberán de contar coa participación destes e implicalos nas accións para levar a cabo.

**B. Criterios de valoración aritmética.** Valoraranse as ofertas presentadas, ata un **máximo de 55 puntos**, distribuídos da seguinte forma:

- 1) Mellor proposta económica. **Ata un máximo de 30 puntos.** De acordo á seguinte fórmula:

$$P_i = 10 \times (O_i/O_m)$$

Sendo:

P<sub>i</sub>: puntuación alcanzada pola proposición suxeita a valoración.

O<sub>i</sub>: oferta económica da proposición suxeita a valoración.

O<sub>m</sub>: oferta máis vantaxosa economicamente para o Concello.

Outorgaranse 30 puntos, á oferta que obteña a maior puntuación neste apartado.

25 puntos, á oferta/ofertas que obteñan a segunda mellor puntuación neste apartado.

20 puntos, á oferta/ofertas que obteñan a terceira mellor puntuación neste apartado.

15 puntos, á oferta/s, que obteñan a cuarta mellor puntuación neste apartado.



# Concello da Coruña

10 puntos, á oferta/s que obteñan a quinta mellor puntuación neste apartado.

5 puntos, á oferta/s, que obteñan a sexta mellor puntuación neste apartado.

0 puntos, á oferta/s que queden por baixo, na puntuación deste apartado.

Considérase oportuna esta fórmula na medida en que busca a proporcionalidade na puntuación obtida entre a mellor oferta e a oferta presentada por cada licitador. Desta maneira, o esforzo económico realizado por cada licitador compárase co esforzo económico realizado polo mellor licitador, o que garante, ao noso entender, unha xusta clasificación das ofertas.

## 2) Patrocinios: **Ata un máximo de 5 puntos:**

Valorarase a captación de patrocinadores para o financiamento do evento.

Deberán de concretarse os patrocinadores por parte das persoas ou entidades licitadoras. Esta concreción plasmarase mediante un compromiso por escrito onde os patrocinadores comprométanse a realizar unha achega, en diñeiro, indicando a cantidade, ou en especie, reflectindo neste caso o seu equivalente económico.

Outorgaranse 5 puntos ao licitador que ofrezca o compromiso de patrocinio con maior compromiso de investimento, en termos económicos, conforme a seguinte fórmula:

$$x=b*c/a$$

Sendo:

a: oferta patrocinio máis alta.

b: puntuación máxima prevista neste subcriterio.

c: oferta patrocinio da proposición obxecto de valoración.

x: puntuación resultante.

## 3) Compromiso de investimento na difusión e publicidade do evento. **Ata un máximo de 10 puntos**

Outorgaranse 10 puntos ao licitador que se comprometa a investir a cantidade máis alta en accións de publicidade e difusión do evento, valorándose as demais ofertas proporcionalmente segundo a seguinte fórmula:





# Concello da Coruña

$$x=b*c/a$$

Sendo:

a: oferta de investimento máis alto

b: puntuación máxima prevista neste subcriterio

c: oferta investimento da proposición obxecto de valoración

x: puntuación resultante.

- 4) Compromiso de realizar a actividade os seguintes días da fin de semana (a elixir) **Ata un máximo de 10 puntos:**
- 3 días: 10 puntos
  - 2 días: 5 puntos

## 9.- Lugar de presentación, forma e contido das proposicións:

A presentación da documentación e proposicións realizarase de **forma física** nalgún dos rexistros aos que fai referencia o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, debendo efectuarse en tres sobres pechados, coa seguinte denominación:

**Sobre A Declaración responsable.**

**Sobre B: Documentación relativa aos criterios técnicos.**

**Sobre C: Oferta económica e documentación relativa aos criterios de valoración aritmética.**

**O prazo de presentación será de 30 días hábiles** contados a partir do seguinte á publicación do anuncio de licitación no BOP.

As ofertas recibidas despois de devandito prazo serán excluídas. Non se admitirán a licitación as solicitudes presentadas fóra do prazo indicado.



# Concello da Coruña

A presentación de ofertas, supón a aceptación incondicional polas persoas candidatas, da totalidade de cláusulas do presente prego de condicións administrativas e do de prescricións técnicas, sen condición algunha.

## Contido das proposicións para tomar parte na licitación:

### • **SOBRE A.- DECLARACIÓN RESPONSABLE.**

**A presentación realizarase nun sobre pechado**, en cuxo exterior farase constar a denominación **“Sobre A Declaración responsable”** e a lenda **“CONVOCATORIA PÚBLICA PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓN DE EXPLOTACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO NO MERCADO DE SAN AGUSTÍN PARA A SÚA DINAMIZACIÓN A TRAVÉS DA ORGANIZACIÓN DE MERCADILLOS, FEIRAS E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA”**.

En todo caso, estarase aos modelos que se establecen nos **Anexos I e III** do presente prego.

### • **SOBRE B: DOCUMENTACION RELATIVA AOS CRITERIOS TÉCNICOS**

**A presentación realizarase nun sobre pechado**, en cuxo exterior farase constar a denominación **“Sobre B: Documentación relativa aos criterios técnicos”** e a lenda **“CONVOCATORIA PÚBLICA PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓN DE EXPLOTACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO NO MERCADO DE SAN AGUSTÍN PARA A SÚA DINAMIZACIÓN A TRAVÉS DA ORGANIZACIÓN DE MERCADILLOS, FEIRAS E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA”**.

Neste sobre, incluírase a documentación relativa aos criterios técnicos establecidos na cláusula 8ª A dos presentes pregos.

### • **SOBRE C: OFERTA ECONÓMICA E DOCUMENTACION RELATIVA AOS CRITERIOS DE VALORACIÓN ARTIMÉTICA.**

**A presentación realizarase, nun sobre pechado** coa seguinte denominación **“Sobre C: Oferta económica e outros criterios aritméticos”** e a lenda **“OFERTA ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN RELATIVO AOS CRITERIOS DE VALORACIÓN ARITMÉTICA”- CONVOCATORIA PÚBLICA PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓN DE EXPLOTACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO NO MERCADO DE SAN AGUSTÍN PARA A SÚA**



# Concello da Coruña

## DINAMIZACIÓN A TRAVÉS DA ORGANIZACIÓN DE MERCADILLOS, FEIRAS E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA”.

En todo caso, estarase o modelo que se establece no **Anexo II** do presente prego.

Todos os sobres deberán presentarse, dirixidos o “Servizo de Concesións e Patrimonio Municipal”, conxunta e simultaneamente, pechados e asinados polo licitador ou persoa que o represente, debidamente acreditada. No caso do Concello da Coruña, a presentación poderá facerse nos Rexistros de entrada cumprindo, no seu caso, co requisito da cita previa e dentro do horario de apertura do rexistro.

Recibida a proposición non poderá ser retirada polo licitador.

### **10.- Órgano de Valoración:**

Para a adxudicación das autorizacións, o Órgano de Adxudicación estará asistido por un Órgano de Valoración, integrado por:

- Presidente: Concelleiro responsable de Economía e Planificación estratéxica, que poderá ser substituído polo Director da área de Administración Xeral ou persoa en quen delegue.
- Vogais:
  - Representante da Asesoría Xurídica Municipal;
  - Representante do Departamento de Mercados, Comercio e Hostalería.
  - Representante do Servizo de Concesións e Patrimonio Municipal

Actuará como Secretario, a persoa designada polo Servizo de Contratación.

Calquera dos seus membros, poderá propoñer ao Órgano de Valoración o nomeamento de cuantos asesores considere conveniente en razón dos seus especiais coñecementos técnicos, que poderán asistir as súas reunións, con voz e sen voto, sen que teñan a consideración de membros do Órgano de Valoración, nin outra función que a de informar e asesorar de forma non vinculante.



# Concello da Coruña

Os acordos do Órgano de Valoración requirirán maioría simple dos asistentes. En caso de empate, decidírase por voto de calidade do Presidente. Dos acordos do Órgano de Valoración, levantárase acta, da que dará fe o Secretario da mesma.

Salvo as especialidades contidas nos apartados anteriores, este Órgano, dado o seu carácter de órgano colexiado, rexeráse no seu procedemento, ademais de por a normativa específica de contratación administrativa, polo establecido na Sección 3ª do Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## **11.- Procedemento de adxudicación:**

Unha vez concluído o prazo de presentación de proposicións, constituirase o Órgano de Valoración que cualificará os documentos presentados no tempo e na forma. A continuación, o Presidente ordenará a apertura do sobre A e o Secretario certificará se está correctamente cumprimentada a declaración responsable que debe figurar no mesmo.

Se se observasen defectos ou omisións emendables na documentación presentada, comunicárase aos interesados a través do correo electrónico facilitado, e concederáselles un prazo non superior a tres días hábiles para que os corrixa ou emenden.

O Órgano de Valoración pronunciarase sobre o resultado da cualificación expresando as proposicións admitidas así como as rexeitadas e as causas do seu rexeitamento.

Finalizado o prazo anterior, ou, se non houberse defectos materiais na documentación presentada, finalizado o prazo de presentación de proposicións, o Órgano de Valoración procederá, á apertura do sobre B. De todo o actuado deixarase constancia documental.

A valoración da documentación relativa aos criterios técnicos, realizarase polo persoal designado polo departamento de Mercados, Comercio e Hostalería.

O Órgano de Valoración poñerá en coñecemento dos licitadores o resultado da comprobación da documentación, e da valoración dos criterios técnicos. Seguidamente, procederá á apertura do sobre C: oferta económica, e outros criterios aritméticos.



# Concello da Coruña

O Órgano de Valoración clasificará as ofertas por orde decrecente, tras a aplicación dos criterios de adxudicación establecidos nestes pregos, considerándose mellor oferta, a que sexa clasificada en primeiro lugar.

A continuación, o Órgano de Valoración, formulará ao órgano municipal competente, proposta de clasificación das proposicións, en orde descendente segundo a puntuación obtida.

Cando pola aplicación dos criterios de valoración producívese un empate na puntuación entre dous ou máis licitadores, este dirimirase a favor do licitador que obtivese a maior puntuación na proposta económica, e, se aínda así, persistise o empate, resolverase a favor do licitador que obtivese a maior puntuación no criterio técnico “tipo de mercadillo ou de accións propostas”.

O acto de exclusión dun solicitante poderá ser notificado conforme os procedementos establecidos no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. En particular, poderá efectuarse electrónicamente á dirección que os mesmos designasen ao presentar as súas proposicións.

O prazo para considerar rexeitada a notificación electrónica cos efectos previstos no art. 43 da Lei 39/2015, será de dez días naturais computados desde que se teña constancia da posta a disposición do interesado sen que se acceda ao seu contido, salvo que de oficio ou a instancia do destinatario compróbase a imposibilidade técnica ou material do acceso.

## **12.- Documentación a presentar polos licitadores propostos como adxudicatarios:**

Os licitadores propostos como adxudicatarios serán notificados, debendo presentar no prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte á recepción da preceptiva notificación, a seguinte documentación:

- a) Documentos que acrediten a capacidade de obrar do licitador e, no seu caso, a súa representación (ver apartado 7.1 deste prego).
- b) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha causa de prohibición para contratar coa Administración, segundo ANEXO III deste Prego.



## Concello da Coruña

- c) Certificados de estar ao corrente das súas obrigacións tributarias coa AEAT, coa Seguridade Social e co Concello da Coruña, ou, a autorización a este último para consultar os datos correspondentes.
- d) Xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais, por importe igual ou superior a 300.000 euros, que estea en vigor á data de inicio do evento, e cunha vixencia que cubra como mínimo, a duración da autorización concedida, e declaración responsable ou compromiso da súa renovación en caso de renovación das autorizacións.
- e) Xustificante de pago da póliza correspondente a devandito seguro.
- f) No seu caso, a documentación acreditativa do cumprimento da normativa de manipulación de alimentos.
- g) Xustificante do cumprimento das medidas de seguridade esixidas pola normativa aplicable, en cada caso.
- h) Dirección de correo electrónico na que efectuar notificacións.

Transcorrido o prazo de 10 días sinalado, sen cumprimentar adecuadamente o requirimento de documentación, a proposta de adxudicación quedará sen efecto, podendo esixirse ao solicitante que incumprise, sen mediar a comunicación sinalada na cláusula 16ª.1, o abono dun importe igual ao ofrecido na súa oferta, en concepto de indemnización, e a súa inadmisión, quedando ademais automaticamente excluídas as ofertas que presentase a outros lotes na presente licitación.

Neste suposto, o Órgano de Valoración, formulará proposta de adxudicación ao licitador que ocupe o posto seguinte na orde de clasificación das ofertas, repetíndose o procedemento e outorgándolle ao novo adxudicatario un novo prazo de 10 días hábiles para que presente a documentación sinalada.

### 13.- Adxudicación:

Unha vez presentada a documentación sinalada na cláusula anterior e verificada polo Concello, remitiranse a cada adxudicatario documentos de ingreso de dúas autoliquidacións:

- unha polo importe que lle corresponda, no seu caso, na repartición dos gastos de publicidade da licitación, si existisen.
- outra polo importe da súa oferta correspondente ao primeiro ano de autorización



# Concello da Coruña

Os adxudicatarios, presentarán copia dos xustificantes de ingreso de ambas as autoliquidacións.

O órgano municipal competente para resolver ditará resolución para outorgar as autorizacións de conformidade coa clasificación das licitadoras proposta polo Órgano de Valoración, unha vez presentada toda a documentación requirida e comprobado o ingreso das autoliquidacións.

## **14.- Vixencia das autorizacións:**

As autorizacións outorganse polo prazo dun ano, contado desde a notificación do acordo de adxudicación, podendo ser obxecto de renovación, a súa finalización, hasta en dúas ocasións. Ao finalizar estes tres anos, poderá prorrogarse a autorización un ano máis. (Artigo 92.3 da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas, precepto de carácter básico).por decisión do órgano municipal competente previo acordo co adxudicatario, e con suxeición a todas as condicións do prego técnico e do presente prego de condicións.

## **15.- Renovación da autorización:**

Os adxudicatarios, con polo menos un mes de antelación o inicio de cada anualidade deberán de presentar a seguinte documentación, necesaria para a renovación das autorizacións:

- a) Certificados de estar ao corrente das súas obrigacións tributarias coa AEAT, coa Seguridade Social, e con este Concello, ou, a autorización a este último para consultar os datos correspondentes.
- b) Xustificante de pago da póliza correspondente ao seguro da cláusula 12<sup>a</sup>
- c) Resto de documentación que se consideren oportuna no seu caso.

O Concello remitirá documento de ingreso para a autoliquidación polo importe correspondente á anualidade. O interesado presentará no Concello copia do xustificante de ingreso.

## **16.- Renuncia por parte do adxudicatario:**

### **16.1 Renuncia antes da adxudicación:**



## Concello da Coruña

Se tras a comunicación da proposta de adxudicación, o licitador quixese renunciar, deberao comunicar por escrito o Concello dentro do prazo de 10 días hábiles á recepción da notificación de ser proposto como adxudicatario. Dita renuncia terá as consecuencias que figuran nesta cláusula.

Neste caso, o Órgano de Valoración propoñerá a adxudicación ao licitador seguinte na orde prevista na cláusula 11ª.

No caso de renuncia, sen mediar a comunicación sinalada, poderá esixirse ao candidato proposto, o abono dun importe igual ao ofrecido na súa oferta para a primeira anualidade en concepto de indemnización e a súa inadmisión, quedando ademais automaticamente excluídas as ofertas que presentase a outros lotes na presente licitación.

No caso de que o solicitante realice a comunicación prevista na presente cláusula, comunicando a súa renuncia ao lote adxudicado, non se lle esixirá indemnización algunha, pero se poderá proceder á súa inadmisión e a excluír ademais automaticamente as ofertas que presentase a outros lotes na presente licitación.

### **16.2 Renuncia antes do inicio da segunda e seguintes anualidades:**

Se antes do inicio da segunda ou posteriores anualidades, durante o tempo de vixencia da autorización, algún dos adxudicatarios renunciase, deberá comunicalo por escrito ao Concello explicando os motivos da devandita renuncia e deberá facelo, antes do día primeiro de mes, de dous meses anteriores ao do evento autorizado, nese caso, non se lle esixirá indemnización algunha, sen prexuízo da revogación da autorización, nos termos sinalados na cláusula seguinte (17ª).

Neste caso, o Órgano de Valoración, poderá propoñer a adxudicación ao licitador seguinte na orde prevista na cláusula 11ª, requiríndolle para que presente a documentación sinalada. En ningún caso, as novas adxudicacións en anualidades posteriores á inicial, conlevarán o aumento das tempadas previstas neste Prego. É dicir, a autorización ao seguinte licitador o será polo tempo restante, inicial, renovado ou prorrogado, das autorizacións.

### **17.- Revogación da autorización:**





## Concello da Coruña

O suposto de renuncia antes do inicio da segunda ou posteriores anualidades, sen mediar a comunicación da renuncia nos termos recolleitos na cláusula anterior, producirase a revogación da autorización podendo esixirse ao causante unha indemnización igual á oferta económica realizada para esa anualidade.

A revogación ten efectos para a anualidade na que se produza e para as posteriores.

A revogación tamén se producirá polas seguintes causas:

- a) Por transcurso do seu prazo da súa vixencia.
- b) Por mutuo acordo entre o adxudicatario e o Concello.
- c) Por extinción da personalidade xurídica da entidade autorizada.
- e) Por declaración de quebra ou concurso da entidade autorizada.
- f) Por revogación por parte do Concello nos supostos de interese público establecidos na cláusula seguinte do presente prego.
- g) Por sentenza xudicial firme.

Así mesmo, o Concello tamén poderá revogar a autorización nos seguintes casos:

- a) Pola comisión dunha segunda infracción moi grave durante o período de vixencia da autorización.
- b) Por incumprimento da obrigaón de realizar a actividade obxecto da autorización dentro do período de tempo do lote/lotes adxudicados.
- c) Pola realización da actividade por persoa/s distinta/s da que resultou adxudicataria do posto, non existindo relación laboral coa/s mesma/s.
- d) Por incumprimento relevante e reiterado das condicións que, sen supoñer abandono, implique deterioración grave das condicións de salubridade, hixiene, ornato ou seguridade públicas.
- e) Pola obstrución deliberada ao exercicio por parte dos técnicos municipais das súas funcións de control e supervisión da actividade. Entenderase en todo caso que existe tal causa cando se acheguen datos falsificados referentes á actividade e necesarios para o control e supervisión.

En caso de extinción das autorizacións por revogación, as autorizacións extinguidas poderán ser novamente asignadas polo tempo que reste de vixencia. Para ese efecto poderase optar por ofrecer ao seguinte licitador clasificado que non obtivese autorización, e, en caso de



# Concello da Coruña

rexeitar este o ofrecemento, ao seguinte e así sucesivamente ou se poderá optar por licitar de novo a concorrência.

Extinguida ou revogada a autorización, cesarase no uso do dominio público.

## **18.- Revogación por razóns de interese público:**

O Concello se reserva a facultade de deixar sen efecto a autorización, antes de cumprirse o prazo polo que se outorga, se así o xustifican causas sobrevindas de interese público debidamente xustificadas, sen dereito a ningunha clase de indemnización.

Así mesmo, de conformidade co previsto no art. 92.4 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, as autorizacións poderán ser revogadas unilateralmente pola Administración concedente en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.

## **19.- Suspensión e modificación da autorización:**

Polas mesmas razóns indicadas na cláusula anterior ou outras de interese público acreditado, poderá suspenderse temporalmente a eficacia da autorización. Neste caso o tempo de suspensión poderá engadirse ao prazo de vixencia da autorización.

Se se producise tal modificación, as novas condicións impostas polo Concello serán obrigatorias para o titular que non terá dereito a indemnización algunha.

O titular da autorización, con todo, poderá expor, con base nas mesmas razóns indicadas na cláusula anterior, unha modificación das condicións da autorización, sen dereito a indemnización algunha no caso de que sexan autorizadas polo Concello.

## **20.- Cesión da autorización. Requisitos:**

As autorizacións concedidas ao amparo do disposto neste Prego, poderán ser transmitidas a terceiros, previa autorización do órgano municipal competente e sempre que:



# Concello da Coruña

- a cesionaria acredite reunir as condicións de capacidade e solvencia esixidas neste prego e
- a entidade cedente explotase a autorización por un período de polo menos una (1) anualidade a contar desde o seu outorgamento.

## **21.- Cesamento da actividade:**

O cesamento da actividade durante algunha das anualidades de vixencia da autorización, por calquera titular da autorización, calquera que sexa a causa que o motive, non dará lugar a devolución algunha por parte do Concello, nin a indemnización a favor do titular.

## **22.-Responsabilidade. Risco e ventura:**

O titular da autorización asume a plena e exclusiva responsabilidade de cantos danos puidesen derivarse da actividade, tanto para as persoas usuarias dos postos como para outras usuarias e terceiros en xeral, así como nos bens públicos ou privados.

A autorización demanial entenderase sempre concedida a risco e ventura para as persoas autorizadas, sen que estas poidan solicitar alteración das condicións, nin indemnización algunha, nin sequera nos supostos de forza maior. Tampouco terán dereito a indemnización algunha por extinción da autorización ao cumprirse o prazo de vixencia das mesmas, nin cando se produza a revogación por interese público, contempladas nas cláusulas anteriores deste prego.

## **23.- Responsabilidades. Control e inspección:**

Sen prexuízo das demais facultades que puidesen estar atribuídas a outras Administracións Públicas, o titular da autorización estará sometido de forma permanente e constante ao control e supervisión dos Servizos Técnicos Municipais.

A efectos do control da actividade, estarase ás disposicións establecidas no prego de prescricións técnicas.

## **24.- Dereitos e obrigacións do titular da autorización**



# Concello da Coruña

## 24.1.- Dereitos

O titular da autorización goza dos seguintes dereitos:

- a) Á explotación da autorización, con suxeición ás condicións establecidas no presente prego de condicións administrativas e no de prescricións técnicas, e ás ofertadas na súa proposición, así como ás previsións da normativa aplicable en cada caso.
- b) A o uso e ocupación do dominio público municipal coa instalación dos seus postos de venda, nos termos indicados neste prego e no prego de prescricións técnicas.

## 24.2.- Obrigacións

Ademais das obrigacións de carácter xeral establecidas pola normativa vixente, especificamente impóñense aos titulares da autorización as seguintes obrigacións:

- a) Estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e estar ao corrente do pago da tarifa ou, en caso de estar exentos, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.
- b) Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e ao corrente no pago das cotizacións en tal réxime.
- c) Estar ao corrente das súas obrigacións tributarias coa AEAT, e co Concello da Coruña.
- d) Cumprir as condicións e requisitos esixidos pola normativa reguladora dos produtos que sexan obxecto de venda.
- e) Dispor dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais, por importe igual ou superior a 300.000 euros, que estea en vigor á data de inicio do evento, e cunha vixencia que cubra como mínimo, a duración da autorización concedida
- f) Estar en posesión, no seu caso, do certificado acreditativo de recibir formación en materia de manipulación de alimentos.
- g) Satisfacer as taxas e os tributos fixados na correspondente ordenanza municipal.
- h) Dispoñer dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixibles, se se tratase de persoas estranxeiras.
- i) As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes extremos: o NIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa.

## 25.- Incumprimentos:



# Concello da Coruña

Considerarase incumprimento toda acción ou omisión por parte da persoa autorizada que supoña a vulneración das obrigacións establecidas nos pregos polos que se rexe esta licitación e demais normas de xeral aplicación. Os incumprimentos cualifícanse en leves, graves e moi graves, atendendo ás circunstancias concorrentes e ao maior ou menor prexuízo que se cause ao funcionamento da actividade.

## Serán considerados como incumprimentos leves:

- Trato desconsiderado ao público e persoas usuarias.
- Inobservancia da debida limpeza e decoro do posto.
- Calquera outra conducta non tipificada expresamente como grave ou moi grave, que supoña un incumprimento dos deberes establecidos neste prego e no prego de prescricións técnicas.

## Serán consideradas como incumprimentos graves:

- Ocupar máis espazo do adxudicado ou darlle un destino distinto.
- Mal uso ou danos ao inmobile-Mercado Municipal de San Agustín-, ou a calquera das súas instalacións.
- Cobro de prezos abusivos (tendo en conta dos prezos de mercado).

## Serán considerados incumprimentos moi graves:

- Non observar as medidas de prudencia necesarias para salvagardar a seguridade, hixiene ou sanidade dos postos.
- Non cumprir as ordes do Técnico Municipal relativas ao cumprimento destas bases.
- A realización da actividade en lugares distintos aos autorizados neste prego.
- Permanencia e realización da actividade en datas e horario distinto ao permitido.
- Abandono, no lugar de colocación, de lixo ou desperdicios.
- Realización da actividade por persoa/s distinta/s á que resultou adxudicataria do lote, sen que exista relación laboral coa mesma/s.

## **Sancións:**

Sen prexuízo das establecidas na Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas

Faltas leves: multa do 1% ao 3% da oferta do infractor.

Faltas graves: multa do 3% ao 8% da oferta do infractor.



# Concello da Coruña

Faltas moi graves: multa do 8% ao 10% da oferta do infractor.

As entidades adjudicadoras que incorran en faltas graves ou moi graves, poderán ser sancionadas coa prohibición de concorrer a licitacións de autorización de uso privativo do espazo público durante o prazo de 3 anos.

Para a tramitación do procedemento sancionador estarase ao disposto no articulado da Lei 33/2003 e demais lexislación de aplicación.

As sancións anteriores entenderanse, sen prexuízo de esixirle á persoa adjudicataria a compensación de danos e prexuízos ocasionados, tanto aos bens municipais como ás persoas ou bens dos usuarios, todo iso, sen prexuízo da posible revogación da autorización se procedese.

Para a gradación do importe das sancións consideraranse, entre outros, os seguintes criterios:

- a) O incumprimento espontáneo dos deberes ou dos deberes formais e o atraso naquel.
- b) A reparación voluntaria dos danos
- c) Os prexuízos ocasionados aos particulares.
- d) O beneficio ilícito obtido.
- e) A transcendencia social da infracción.
- f) Reincidencia ou intencionalidade.

Será o Departamento de Mercados, Comercio e Hostalería, o encargado do seguimento e control das autorización de explotación obxecto deste prego.

A Coruña, na data da firma dixital deste documento

Xefatura de Servizo de Concesións e Patrimonio Municipal

Jose Domingo Rodríguez Ferreira

Dirección de Área de Administración General.

Manuel Ángel Jove Losada



# Concello da Coruña

## MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA PERSOAS FÍSICAS:

**Nome:**  
**Apelidos:**  
**DNI:**  
**Con domicilio en:**  
**Teléfono:**  
**Correo electrónico:**

### Declaro responsablemente:

- Cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria e a normativa de aplicación.
- Estar ao corrente das miñas obrigacións tributarias, coa Seguridade Social e con este Concello, ou autorizo a este último a consultar os datos correspondentes.
- Que en caso de resultar proposto como adxudicatario dun ou varios lotes, estou en disposición de presentar o resto da documentación requirida neste Prego antes do inicio da actividade.
- Que mantereirei o seu cumprimento durante o prazo de vixencia da autorización.
- Que cumprirei as obrigacións establecidas na lexislación vixente en materia de autorizacións de residencia e traballo (en caso de prestadores procedentes de terceiros países).
- Que reúno as condicións esixidas pola normativa reguladora do produto/s obxecto da venda.
- Que non estou incluído en ningún dos casos de incapacidade ou incompatibilidade establecidos na lei para o exercicio do comercio.
- Que non realizo actividades con produtos prohibidos.
- Que estou dado de alta no correspondente epígrafe do IAE , e que conto coa habilitación empresarial ou profesional, cando sexa esixible, para realizar as actividades autorizadas.
- No caso de resultar adxudicatario, comprométome a dispoñer dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais, por importe igual ou superior a 300.000 euros, que estea en vigor á data de inicio do evento, e cunha vixencia que cubra como mínimo, a duración da autorización concedida, e compromiso da súa renovación en caso de renovación das autorizacións.

A Coruña, a

Asdo.

ADVIRTESELLE DE QUE segundo o art. 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.

Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obrigación do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao comezo da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo iso conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.



# Concello da Coruña

## MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA PERSOAS XURÍDICAS:

**Nome:**  
**Apelidos:**  
**DNI:**  
**Como representante legal da mercantil:**  
**Nome da empresa:**  
**NIF:**  
**Dirección:**  
**Teléfono:**  
**Correo electrónico:**

### Declaro responsablemente que a entidade a que represento:

- Cumpre cos requisitos establecidos nas bases desta convocatoria e normativa de aplicación.
- Está o corrente das obrigacións tributarias, coa Seguridade Social e con este Concello, ou autorizo a este último a consultar os datos correspondentes.
- Que en caso de resultar proposta como adjudicataria dun ou varios lotes, está en disposición de presentar o resto da documentación requirida neste Prego antes do inicio da actividade.
- Que manterá o seu cumprimento durante o prazo de vixencia da autorización.
- Cumpre as obrigacións establecidas na lexislación vixente en materia de autorizacións de residencia e traballo (en caso de prestadores procedentes de terceiros países).
- Reúne as condicións esixidas pola normativa reguladora do produto/s obxecto da venda
- Non está incluída en ningún dos casos de incapacidade ou incompatibilidade establecidos na lei para o exercicio do comercio.
- Non realiza actividades con produtos prohibidos.
- Que está dada de alta no correspondente epígrafe do IAE, e que conta coa habilitación empresarial o profesional, cando sexa esixible, para realizar as actividades autorizadas.
- No caso de resultar adjudicataria, comprométese a dispoñer dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais, por importe igual ou superior a 300.000 euros, que estea en vigor á data de inicio do evento, e cunha vixencia que cubra como mínimo, a duración da autorización concedida, e compromiso da súa renovación en caso de renovación das autorizacións.

A Coruña, a

Asdo.

ADVÉRTESELLE DE QUE segundo o art. 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.

Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obrigaición do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao comezo da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo iso conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.





# Concello da Coruña

## ANEXO II:

### MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOCUMENTACION RELATIVA AOS CRITERIOS DE VALORACIÓN ARTIMÉTICA.

**Nome:**  
**Apelidos:**  
**DNI/CIF:**  
**Con domicilio en:**  
**Teléfono:**  
**Correo electrónico:**

No meu propio nome ou en representación da mercantil \_\_\_\_\_ con NIF e domicilio en \_\_\_\_\_, enterado do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a convocatoria pública para o outorgamento de autorizacións de explotación de espazos determinados de dominio público, sitos na planta superior (2ª) do Mercado Municipal de San Agustín, para a súa dinamización, a través da organización de mercadillos, feiras e actividades complementarias de lecer e de promoción dos distintos produtos obxecto de venda nos postos do referido mercado, coa finalidade de potenciar o seu coñecemento entre os cidadáns. ( anualidades: 2025, 2026 e 2027 e prorrogable ao 2028) Que acepto en todas o seu contido e extensión, así como os demais documentos que obran unidos ao expediente da súa razón, e que ofrezco as seguintes cantidades por lote/ano como mellor oferta económica (cóbrense soamente aquelas celas correspondentes aos lotes dos que se pretende obter a autorización) e que declaro a miña preferencia en canto á adxudicación dos lotes.

#### 1. Oferta económica:

	PREFERENCIA	OFERTA 2025
<b>LOTE 1. XANEIRO. (oferta mínima 650 euros/día)</b>	(1)	(2)
<b>LOTE 2. FEBREIRO. (oferta mínima 650,00€/día)</b>	(1)	(2)
<b>LOTE 3. MARZO. (oferta mínima 650,00€/día)</b>	(1)	(2)
<b>LOTE 4. ABRIL. (oferta mínima 650,00€/día)</b>	(1)	(2)
<b>LOTE 5. MAIO. (oferta mínima 650,00€/día)</b>	(1)	(2)
<b>LOTE 6. XUÑO. (oferta mínima 650,00€/día)</b>	(1)	(2)
<b>LOTE 7. XULLO. (oferta mínima 650,00€/día)</b>	(1)	(2)
<b>LOTE 8. AGOSTO. (oferta mínima 650,00€/día)</b>	(1)	(2)
<b>LOTE 9. SETEMBRO. (oferta mínima 650,00€/día)</b>	(1)	(2)
<b>LOTE 10. OUTUBRO. (oferta mínima 650,00€/día)</b>	(1)	(2)
<b>LOTE 11. NOVEMBRO. (oferta mínima 650,00€/día)</b>	(1)	(2)
<b>LOTE 12. DECEMBRO . (oferta mínima 650,00€/día)</b>	(1)	(2)

(1) Introducir a orde de preferencia (1º, 2º, 3º..... ou primeiro, segundo, terceiro....). Ver prego técnico.



# Concello da Coruña

(2) Introducir a oferta económica. Por un día: oferta mínima 650,00€, por dous días: oferta mínima: 1.300,00€, por tres días: 1.950,00€.

## 2. Patrocinios:

Patrocinadores	Compromisos achega (valoración económica en euros)

## 3. Inversión en publicidade e difusión:

Oferta de investimento (euros):

## 4 Compromiso días actividade:

DÍAS DE ACTIVIDADE	OFERTA
Un día	
Dous días	
Tres días	



# Concello da Coruña

## ANEXO III:

### MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓN DE CONTRATAR.

D./Dna ....., con DNI/NIE ..... en nome propio ou en representación da empresa ....., con NIF nº ....., en calidade de .....

DECLARA:

Baixo a súa responsabilidade

Que o asinante ostenta a representación da empresa que presenta a oferta (caso de representación).

Que non se haxa incursado, nin el/ela, nin a empresa que representa, en ningún dos supostos legais de incapacidade nin incompatibilidade para contratar, en cumprimento do disposto no art. 71 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En ....., a ..... de ..... de ....

Asdo.: